

BASES QUE REXERÁN O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BRIGADA AMBIENTAL PARA A CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DO CONTORNO DO CASTELO DE MONTERREI (1 CAPATAZ DE BRIGADA E 8 PEÓNS DE MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS)

Primeira. Obxecto da convocatoria.

1. O obxecto destas bases é convocar, por motivos de necesidade e urxencia, un proceso de selección por concurso-oposición para a contratación por este concello de 1 CAPATAZ DE BRIGADA E 8 PEÓNS DE MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS para a creación dunha brigada ambiental para a conservación e mantemento do contorno do Castelo de Monterrei.
2. A xustificación da urxencia baséase na data límite do 15 de novembro de 2017 para a xustificación dos gastos da brigada para a conservación e mantemento do contorno do Castelo de Monterrei. A dita data está establecida na cláusula quinta do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Monterrei.
3. O contrato laboral que se subscribirá será o de obra ou servizo determinado, regulado no artigo 15.1.a) do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.
4. Funcións: conservación e mantemento do contorno do Castelo de Monterrei para eliminar a maleza dos arredores da fortaleza e aquelas outras actuacións establecidas no marco do convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Monterrei.
5. Sistema de selección: concurso - oposición.

Segunda. Prazas que se convocan.

As prazas obxecto desta convocatoria son as seguintes:

-1 CAPATAZ DE BRIGADA:

- Contrato laboral:** obra ou servizo determinado.
- Xornada laboral:** tempo parcial (75% da xornada laboral ordinaria).
- Duración:** seis meses.
- Retribución:** 1200 euros brutos.

-8 PEÓNS DE MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS:

- Contrato laboral:** obra ou servizo determinado.
- Xornada laboral:** tempo parcial (75% da xornada laboral ordinaria).
- Duración:** seis meses.
- Retribución:** 700 euros brutos.

Terceira. Condicións e requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes que tomarán parte no concurso de méritos deberán reunir, na data na que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o correcto desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.
- f) Para optar ás prazas de peóns de mantemento de espazos naturais, e como se trata de prazas pertencentes ás agrupacións profesionais sen requisito de titulación, non é necesario estar en posesión de ningún título académico.
- g) Para optar á praza de capataz de brigada os aspirantes deberán estar en posesión dalgún dos seguintes títulos: enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou equivalente. Deberán estar tamén en posesión do permiso de conducir clase B.

Cuarta. Valoración de méritos.

Os méritos que se valorarán son os seguintes:

1. Experiencia profesional: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 5 puntos.

- a) Por servizos remunerados prestados na Administración pública na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,20 puntos por mes completo.
- b) Por servizos remunerados prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,10 puntos por mes completo (máximo 2 puntos)

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada) e copia dos contratos de traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará. Rexeitaranse as fraccións de tempo inferiores ao mes (30 días) e os contratos a tempo parcial

cunha xornada inferior á xornada completa valoraránse de xeito proporcional.

2. Formación: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 2 puntos. Por asistencia a cursos organizados por administracións públicas ou homologados, relacionados coas funcións do posto ao que se opta:

- Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos/curso.
- Cursos de 21 a 40 horas: 0,15 puntos/curso.
- Cursos de 41 a 100 horas: 0,20 puntos/curso.
- Cursos de 101 a 250 horas: 0,25 puntos/curso.
- Cursos de 251 horas a 500 horas: 0,35 puntos/curso.
- Cursos de máis de 500 horas: 0,50 puntos/curso.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación da copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas, e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

3. Formación regradada: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 2 puntos. Por estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións ou o certificado de profesionalidade relacionado coas profesións requiridas nestas bases:

- Titulación universitaria: 2 puntos
- Titulación de FP II ou ciclo superior: 1,50 puntos.
- Titulación de FP I ou ciclo medio: 1,25 puntos.
- Certificado de profesionalidade relacionados co posto ofertado:
 - a) Nivel 1: 1 punto.
 - b) Nivel 2: 0,80 puntos.
 - c) Nivel 3: 0,60 puntos.

No suposto de estar en posesión de máis dunha das titulacións referidas, soamente se valorará a de maior nivel.

4. Galego: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é dun (1) punto. Valorarase o coñecemento da lingua galega acreditado polos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia (só se valorará o de grao superior alegado):

- Celga 4 ou certificado do curso de perfeccionamento ao galego: 1 punto
- Celga 3 ou certificado de iniciación ao galego: 0,80 puntos.
- Celga 2: 0,60 puntos.
- Celga 1: 0,40 puntos.

FASE OPOSICION:

1. Coñecemento do castelo: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 5 puntos. Realizarase unha proba consistente en desenvolver un exame tipo test con 10 preguntas sobre o castelo e o seu entorno.

- Cada resposta correcta sumará 0,50 puntos.
- Cada resposta errada restará 0,25 puntos.
- A puntuación mínima para superar esta proba será de 2,5 puntos.
- Esta proba é eliminatoria.

2. Proba práctica: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 10 puntos. Se realizará unha proba práctica relacionada coas tarefas do posto obxecto de convocatoria de acordo co nivel e categoría do posto ou ben directamente relacionado cos cometidos a cumprir no que se valorará de xeito especial a pericia propia do oficio ou labor e a celeridade na súa execución.

- A puntuación mínima para superar esta proba será de 5 puntos.
- Esta proba é eliminatoria.

QUINTA. Forma e prazo de presentación de solicitudes.

1. O anuncio da convocatoria publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Monterrei, na páxina web do Concello de Monterrei (www.monterrei.es), así como no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (bop.depourense.es). As bases do proceso de selección estarán dispoñibles no Concello de Monterrei e na páxina web do Concello.

2. As solicitudes para participar neste concurso-oposición presentaranse, conforme ao modelo que figura como anexo I das bases, no prazo de cinco días hábiles no Rexistro xeral do Concello, en horario de 9.00 a 14.00 h., ou na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía fax ao Concello. O dito fax deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes, pois noutro caso non serán admitidas (fax do concello: 988425700).

3. O referido prazo computarase a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, achegándose a seguinte documentación:

- a. Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- b. Acreditación documental xustificativa dos méritos esixidos.
- c. Declaración xurada de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de

incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente (**Anexo II**).

3. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

4. Rematado o prazo, o alcalde aprobará a lista de admitidos e excluídos, que se publicará no tabloeiro de anuncios do Concello ao día seguinte do remate do prazo de presentación de instancias. Os candidatos terán un prazo de un día hábil para reclamacións, emenda de erros ou achega de documentación complementaria.

Rematado o prazo de subsanación de erros dictarase resolución da lista definitiva de admitidos e excluídos. A mesma resolución do alcalde conterá o lugar, data e hora de reunión da comisión avaliadora e realización das probas.

SEXTA. Tribunal de selección.

1. Unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes, e para os efectos de avaliar os méritos acreditados, reunirase unha comisión, que estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente
- Vogal
- Secretario-vogal

A comisión está facultada para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficacia.

O tribunal valorará a documentación e as probas realizadas de acordo co baremo de méritos que figuran nestas bases.

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas na fase concruso de méritos e a fase de oposición.

De acordo coa relación, elevarase ao alcalde, ademáis da acta da sesión, a proposta de nomeamento dos aspirantes con maior puntuación, procedendo o alcalde ao nomeamento dos aspirantes seleccionados, efectuándose a formalización do correspondente contrato laboral.

ANEXO I: Modelo de instancia

NOME E APELIDOS _____

DNI _____ DATA NACEMENTO _____

R/ _____

LOCALIDADE _____

PROVINCIA _____

CÓDIGO POSTAL _____ TELÉFONO _____

EXPÓN:

Que informado da convocatoria para a selección de:

- Capataz
- Peón de mantemento

Considera reunir os requisitos esixidos nas bases da dita convocatoria e achego a documentación precisa para isto; e polo que,

SOLICITA:

Ser admitido ao proceso de selección para a praza de.

- Capataz
- Peón de mantemento

Monterrei ____ de _____ de 2017

Asdo. _____

AO ALCALDE DO CONCELLO DE MONTERREI

ANEXO II: Modelo de declaración xurada

D./Dña....., con DNI
....., e domicilio
en.....,

declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou

escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación dunha "brigada de mantemento do contorno de Castelo de Monterrei", asino esta declaración, baixo a miña responsabilidade, en Monterrei,.....de.....de 2017.

(Asinado polo/a interesado/a)

O alcalde,

José Luis Suárez Martínez